



Denominación do título	Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos
Campus	Campus de Esteiro - Ferrol
Centro de adscrición	Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol
Coordinador/a	María Luz Castro Pena coordinacion.master.videoxogos@udc.gal 881013222
Universidades e outros organismos participantes	Universidade da Coruña
Créditos	120 créditos - Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español/Galego
Páxina web	https://estudios.udc.es/gl/study/start/4529V01 https://mastervideojuegos.udc.gal/gl/

PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

20 prazas.

REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Requisitos xerais:

1. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).
- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.



- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

2. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos alleos o EEES:

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI o pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso aos estudos de Máster debidamente [legalizado](#).
- Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de Máster ou de Posgrao.
- Certificación académica dos estudos realizados debidamente [legalizada](#), na que conste:
 - o A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
 - o As materias cursadas.
 - o A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
 - o A cualificación e a escala de cualificacións.
- [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.

Requisitos específicos:

- Currículum vitae.



- Idioma: O estudiantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español e realizar unha entrevista para a súa comprobación.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Prioridade nas titulacións de acceso:

- Titulación requirida.
 - o Terase en conta a afinidade da titulación da persoa candidata, en concreto: Grao en Comunicación Audiovisual, Grao en Enxeñaría Informática, Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Belas Artes, Grao en Estudos de Arquitectura, Grao en Animación e Grao en Deseño e Desenvolvemento de Videoxogos.

Criterios de baremación:

- Afinidade da titulación. Máximo 10 puntos
- Expediente académico. Máximo 10 puntos
- Experiencia profesional, de voluntariado, docente ou investigadora en actividades propias do ámbito do máster. Terase en conta dun xeito especial a experiencia profesional en xestión, comercialización, creación e desenvolvemento en estudos de deseño, produtoras audiovisuais, e empresas de Enxeñaría Informática. Tomaranse como baremos, os anos traballados tanto como os postos desempeñados. O valor máximo deste apartado será de 10 puntos
- Formación complementaria e outros méritos (coñecemento de idiomas, estancias no estranxeiro, aportacións científicas ou outra formación). Terase en conta dun xeito especial, a formación complementaria en tres ou polo menos dúas das principais vertentes do máster: técnica, artístico-creativa e empresarial.

Considerarase en primeiro lugar a formación oficial universitaria de grao e posgraduado; a continuación, a posesión de títulos propios relacionados. En terceiro lugar, a Formación Profesional oficial. Finalmente, terase tamén en terceiro lugar a formación non regrada. O valor máximo de este apartado será de 5 puntos.

Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.



- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#).
- Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada pola persoa interesada, se houber discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.
 - o No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
 - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
 - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)
- Todos os documentos serán copias compulsadas.
- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsa.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.

Legalización de documentos:

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deben presentalos legalizados, pola vía diplomática, ou mediante a Apostila da Haia.

Para legalizalos por vía diplomática deben presentalos nos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediran os documentos.
- Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalizar os documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia, haberá que presentalos no:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediran los documentos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA